


8.- O INICIO DO ESTADO MODERNO

Finais s.XV – s.XVI



A.- AS MONARQUÍAS AUTORITARIAS

A.1.- Por que as **monarquías feudais transformáronse en autoritarias** durante a Idade Moderna?

A.2.- Como se denomina **a nova forma de organización do Estado**?

Orixe das monarquías
modernas



*Na Idade Media o territorio estaba dividido en unidades territoriais chamadas “**feudos**”, gobernadas e defendidas por un **Señor feudal** (nobre laico ou eclesiástico). **Cada Señor feudal comportábase como un pequeno soberano** nas súas terras: administraba xustiza, cobraba impostos, recrutaba exércitos... **Os reis desta etapa poucas veces tiñan autoridade sobre eses Señores feudais, polo que non había unidade política.** A partir da Baixa Idade Media, os monarcas lograron, coa axuda da burguesía, a **recuperación progresiva do seu poder fronte aos nobres** ata chegar, nalgúns casos, a ter un poder absoluto, construindo o que se deu en chamar “**Estado Moderno**”.*



A.3.- Completa o cadro:



EUROPA, finais do século XV

MONARQUÍAS AUTORITARIAS

ESTADOS NON UNIFICADOS


OS REIS CATÓLICOS,
UN EXEMPLO DE MONARQUÍA
AUTORITARIA E ESTADO
MODERNO



A.4.- Fai un esquema dos **instrumentos** empregados polos **reis** para **reforzar o seu poder** ao longo da Idade Moderna.



As **Cortes** ou Parlamento son unha institución política nacida na Idade Media que reunía ante o rei aos representantes dos tres estados. Nelas debatíanse e aprobábanse as leis propostas polo monarca, pero o principal obxectivo do rei era pedir novos impostos para cubrir as súas necesidades financeiras.



Unha relixión oficial



Unha nobreza sometida e un territorio unificado

Unhas leis uniformes

Uns funcionarios profesionais e adictos e un corpo diplomático

Un exército profesional

Un sistema para cobrar impostos

XORDE O ESTADO MODERNO

Con eses cartos terei un exército que fará que os nobres me respecten.

ALIANZA REI-BURGUESÍA



Agora poderei ir aos burgos sen ter que pagar en cada feudo...

PODER CENTRALIZADO
+
IMPOSTOS
+
EXÉRCITO PERMANENTE

⇓
ESTADO MODERNO



B.- O REINADO DOS REIS CATÓLICOS, un exemplo de monarquía autoritaria



Ao longo dos séculos XII e XIII consolidáronse os catro reinos cristiáns da Península Ibérica: Portugal, Castela e León, Navarra e a Coroa de Aragón. Estes reinos foron os protagonistas da **reconquista** das terras ocupadas polos musulmáns desde a súa chegada á Península no ano 711 e que rematou a finais do s.XV, durante o reinado dos Reis Católicos.

A Coroa de Castela e os reinos de Navarra e Portugal constituían en cada caso un único Estado, cunhas únicas Cortes e unha mesma lei.



A Coroa de Aragón era unha asociación de varios Estados (Aragón, Cataluña e Valencia) cada un dos cales tiña as súas propias leis e institucións de goberno, pero baixo a autoridade dun mesmo monarca.

Na segunda metade do século XV só quedaba un reino musulmán na Península: o reino nazarí de Granada.

B.1.- Cal era a situación dos reinos peninsulares antes do reinado dos Reis Católicos?

A **Idade Moderna** iniciouse en España co reinado de Isabel de Castela e Fernando de Aragón, coñecidos como os **Reis Católicos** polo título concedido polo Papa en 1496 pola defensa que fixeron da relixión católica.

No ano **1469** uníronse en matrimonio o príncipe Fernando, fillo de Xoan II de Aragón, e Isabel, irmá de Enrique IV, rei de Castela. Fernando convertiuse en rei de Aragón en **1479**, tras a morte do seu pai. Ese mesmo ano, Isabel venceu á súa sobriña Xoana a Beltraneja, despois dunha guerra civil que durou cinco anos.

B.2.- Cando tivo lugar o **matrimonio** dos Reis Católicos? Que **supuxo** dita unión?



B.3.- Por que a súa **unión** foi só **dinástica**?

A unión de ambos reinos foi tan só unha unión dinástica e non territorial, porque non supuxo a fusión dos territorios nun único reino. Castela e Aragón, mantiveron as súas fronteiras, as súas propias Cortes, leis, institucións, sistema fiscal, costumes, lingua e incluso moedas distintas. Pero os monarcas mantiveron os mesmos obxectivos políticos, relixiosos e militares nos dous reinos.

Isabel recoñeceu a Fernando como rei de Castela e, de feito, o poder real en Castela foi exercido por ambos. Fernando tamén recoñeceu a Isabel os seus dereitos en Aragón, pero ela nunca tivo interese en exercelos.



B.4.- Cales foron as **tres medidas** tomadas polos Reis Católicos que lles permitiron **reforzar o poder real** e implantar unha **monarquía autoritaria**?

OBXECTIVOS DA
MONARQUÍA
DOS REIS
CATÓLICOS
1479-1516

OBXECTIVO 1

- Unificación e expansión territorial

OBXECTIVO 2

- Unidade relixiosa baixo a fe católica

OBXECTIVO 3

- Recuperación do poder real e creación do Estado Moderno

Toma de Granada, 1492



Audiencia dos Reis Católicos



Expulsión dos xudeus, 1492



B.5.- Fai un esquema das medidas tomadas polos Reis Católicos para reforzar o seu poder.




REYES CATÓLICOS

POLÍTICA INTERIOR

POLÍTICA EXTERIOR


UNIÓN CORONAS DE CASTILLA Y ARAGÓN




POLÍTICA RELIGIOSA



REORGANIZACIÓN DEL ESTADO



PACIFICACIÓN DEL REINO




EXPANSIÓN PENINSULAR



EXPANSIÓN ATLÁNTICA



EXPANSIÓN MEDITERRÁNEA




EXPANSIÓN EUROPEA



A **unidade relixiosa** da monarquía foi un dos grandes obxectivos do reinado dos Reis Católicos. Para lograla crearon o **Tribunal da Inquisición** en 1478, un tribunal eclesiástico que tiña como misión vixiar, perseguir e xulgar aos sospeitosos de herexía, que atentaban contra a fe e a moral católica. Sancionaban aos condenados con castigos exemplarizantes, como podía ser levar como penitencia un “san benito” ou mesmo a morte.

En 1492, os xudeus foron obrigados a converterse ao cristianismo ou a abandonar o reino. Chamouse **conversos** aos novos cristiáns, que eran severamente vixiados pola Inquisición para impedir que practicasen a súa antiga relixión.

Tras a conquista de Granada, os musulmáns puideron seguir practicando a súa relixión e manter os seus costumes. Sen embargo, a partir de 1502 se lles obrigou a converterse (**mouriscos**) ou a marchar.



Cando a **Inquisición** recibía unha **denuncia de herexía**, iniciaba unha **investigación secreta** e sometíase aos sospeitosos a un xuízo público, pero o acusado non sabía de que se lle acusaba, polo que dificilmente podía defenderse.

A Igrexa permitía **torturar** ás vítimas ata que confesaran ser herexes. Pero, os inquisidores tiñan unha condición: non podían derramar sangue, por iso adicábanse a aplastar as uñas dos dedos; arrancaban a carne con barras de ferro candente, para que a ferida non sangrara; os queimaban vivos nas fogueiras; lles obrigaban a tragar auga ata case afogalos; os colgaban do teito polas mans e lles poñían pesos nos pés...



La unión dinástica

El matrimonio de Isabel de Castilla y Fernando de Aragón en 1469 supuso la unión dinástica de ambos reinos, pero no la pérdida de su autonomía, pues los dos reinos siguieron conservando sus propias instituciones, leyes, monedas, aduanas, lenguas y costumbres.

El intento de unión con Portugal mediante alianzas matrimoniales fracasó, pero permitió a Felipe II conseguir sus derechos hereditarios sobre Portugal. (1580)

Castilla concluyó la ocupación de las islas Canarias en 1496.

En 1512 tuvo lugar la anexión de Navarra, que conservó su autonomía e instituciones propias.

Aragón incorporó en 1493 el Rosellón y la Cerdeña.



Unha das prioridades dos Reis Católicos era lograr a unión baixo a súa coroa de todos os reinos peninsulares. Tamén iniciaron unha expansión territorial fóra da Península:

- Norte de África, para frear aos piratas berberiscos...


- Europa, onde se enfrontaron cos franceses no Sur de Italia, polo dominio do reino de Nápoles... Asimesmo iniciaron unha política de unións matrimoniais dos seus fillos con príncipes alemáns para frear o poder francés en Centroeuropa...

- Cara ao Atlántico, onde competiron cos portugueses... lograron completar a conquista das Canarias e o descubrimento de...





A raíña Isabel morreu no ano 1504. A Coroa de Castela correspondía á súa filla maior Xoana, casada con Felipe “o Fermoso”, herdeiro da casa imperial de Austria e dos Países Baixos, o Franco Condado e Luxemburgo. Pero Isabel, que xa coñecía os primeiros síntomas da enfermidade mental que comezaba a padecer a súa filla, nomeu a Fernando gobernador da Coroa de Castela ata que o fillo de Xoana, Carlos de Austria, cumprise os 20 anos. Fernando morreu no ano 1516, deixando a Coroa de Aragón ao seu neto Carlos, nacido e criado nos Países Baixos.



Carlos I (1516-1556) herdou dos seus avós paternos e maternos numerosos territorios que incluía posesións en Europa e América. Esa herdanza converteuno en rei da monarquía hispánica e emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico, tras ser nomeado en 1519 (Carlos V de Alemaña). Ampliou eses territorios con novas conquistas. Antes da súa morte renunciou ao trono do Imperio Alemán, que pasou ás mans do seu irmán Fernando.

O resto das súas posesións foron herdadas polo seu fillo **Felipe II** (1556-1598), que gobernou un enorme Imperio “onde nunca se poñía o Sol”, pois a política matrimonial dos seus antepasados permitiu a incorporación de Portugal e o seu Imperio colonial a partir de 1580 á monarquía hispánica.

Posesións europeas de Carlos I




C.- TRANSFORMACIÓNS DEMOGRÁFICAS E SOCIAIS

C.1.- Actividade 2 da páxina 22.

C.2.- Fai uso da información do texto e das imaxes para contestar á actividade 4 da páxina 23.

O crecemento demográfico en Europa foi lento debido á incidencia das epidemias, que atacaban especialmente ás cidades, onde era posible que, nun ano de peste, morrese unha cuarta parte da poboación.



A sociedade da Idade Moderna segue a ser estamental, a poboación estaba dividida en estamentos privilexiados e non privilexiados, que eran a inmensa maioría da poboación.

*Os **estamentos privilexiados**, formado pola nobreza e o clero, aceptaron o aumento do poder do rei, pero mantiveron moitos dos seus privilexios, como era non ter que pagar impostos. A **nobreza** perdeu parte do seu poder político e militar nos seus territorios, pero a cambio, vivían na Corte, onde disfrutaban de cargos que lles concedía o rei. O **clero** perdeu moitas riquezas e privilexios nos países protestantes, pero nos países católicos pouco cambiou a súa situación, seguían cobrando o décimo aos non privilexiados e tiñan novos espazos para aumentar o seu número de fieis,... as colonias!*




O estamento dos traballadores estaba formado por grupos moi diversos, ricos ou pobres, que o único que tiñan en común era ser **non privilexiados**. Os membros da **alta burguesía** vivían nas cidades adicados ao comercio colonial, ás finanzas, á produción industrial... Eran pouco numerosos, pero chegaron a ter un importante poder económico. Invertían os seus cartos en ampliar os seus negocios, comprando terras, prestando cartos aos monarcas ou comprando cargos na administración. Descontentos por ter que pagar impostos, buscaron a maneira de ennobrecerse comprando títulos nobiliarios ou casando aos seus fillos con familias nobres. O grupo formado pola **pequena burguesía e os traballadores das cidades** era máis numeroso. Tiñan ocupacións moi diversas: pequenos comerciantes, pequenos artesáns, obreiros, criados, vendedores das rúas... Tamén había moitos **marxinados** na cidade: pobres, enfermos, nenos sen fogar, campesiños emigrados ás cidades que non atoparon traballo, bandidos, mendigos... Os **campesiños** seguían a ser a maioría da poboación. Algúns eran afortunados e traballan terras que eran da súa propiedade, pero case todos tiñan unha vida miserable, e debían de pagar impostos aos Señores das terras que traballaban, á Igrexa e agora tamén ao Rei, para pagar os gastos derivados das guerras, da vida luxosa da Corte, os salarios dos funcionarios e do exército...



D.- TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS

D.1.- Completa o texto que comenta os **cambios nas actividades agrarias** nos inicios da Idade Moderna.



Ao longo da Idade os cambios na agricultura foron máis ben poucos, xa que se conservaron moitas características da Idade A maioría dos traballaban terras que eran propiedade dos....., aos que debían pagar Tamén debían de pagar o á Igrexa.


*As ferramentas utilizadas seguían a ser (sachas,.....) e non contaban con suficientes, polo que debían de recurrir ao e á rotación.....; por todo iso, as colleitas eran e a agricultura seguía a ser de Pero nesta etapa cultiváronse máis terras e algúns produtos chegados de (.....) adaptáronse pouco a pouco aos climas de Europa, o que permitiu un aumento das..... e unha da dieta. Por outro lado, si é unha novidade a aparición das **plantacións**, enormes explotadas nas onde se producía, grazas á man de obra..... ou, grandes cantidades de produtos tropicais (.....) que se vendían en*





D.2.- Completa o texto que comenta os **cambios nas actividades artesanais** nos inicios da I. Moderna.

*Ao longo da Idade seguiu funcionando o vello sistema de produción nacido nas cidades da: os **obradoiros artesanais**, onde un, traballaba cun número variado de e aprendices nun local que era ao mesmo tempo taller, e do dono. O traballo facíase, con útiles de traballo moi, pero as cousas facíanse sen présa, e os produtos eran de gran, pero a produción era, polo que o prezo era e só podían abastecer un mercado..... Os mestres-artesáns do mesmo oficio asociábanse en, que establecían unha serie de (mesmo prezo,), coas que pretendían asegurar a boa do produto e a competencia.*

Tras a colonización de novas terras e o aumento do comercio, o sistema gremial non podía atender a Por iso, algúns empresarios compraban a e encargaban a particulares, case sempre, que elaboraran os produtos nos seus....., pasados uns días, recollíaos e comercializábaos. A rama industrial que máis utilizou o chamado, foi a téxtil, pois os útiles de traballo eran sinxelos e baratos e moita xente podía telos na casa. Con este sistema o empresario lograba obter unha..... produción, o que lle permitía vender a, pero a do produto era menor.



D.2.- Copia o esquema que comenta os **cambios nas actividades comerciais** nos inicios da I. Moderna.



Letra de cambio, 1586

Como consecuencia dos descubrimentos xeográficos, da conquista e a colonización de novas terras, aumentaron moito as riquezas e o intercambio de bens. Nesta época, **o comercio máis floreciente foi o comercio a gran escala que xurdiu entre Europa e as súas colonias** en América, Asia e África. Este comercio era principalmente por vía marítima.

As grandes potencias coloniais europeas estableceronn un sistema de **comercio desigual**: por unha parte, as metrópoles obtiñan dos territorios de ultramar diversas materias primas a baixo prezo para a súa industria e, por outra parte, lograron novos mercados onde vender os seus produtos manufacturados.

A medida que progresaba a economía e se facían máis complexos os intercambios, apareceron **novos sistemas de pago**, pois ademais do pago en metálico con moedas que xa había na Idade Media, naceu o papel-moeda ou billetes, e tamén foi posible pagar mediante cheques, pagarés...Tiñan lugar un gran número de **operacións de préstamos e créditos** que supoñían a devolución do prestado nun período de tempo determinado ou un pago a prazos (letras de cambio),... en todo caso, había que pagar elevados intereses!




Nalgunhas grandes cidades de Europa as cervexerías transformáronse en lugares de reunión para facer negocios.





Os ricos mercaderes uníronse para fundar bancos, prestar diñeiro...

O gran auxe dos intercambios comerciais obrigou aos comerciantes a facer negocios cada vez máis grandes para poder manter os seus beneficios. Para asegurar o éxito dos seus negocios uniron as súas forzas e os seus cartos para crear os primeiros **Bancos, Compañías de Seguros, Consulados, Bolsas de Cambio** (onde se podía comprar e vender accións...). Especialmente importante foi a creación das **Compañías Comerciais**. Estas Compañías estaban formadas por comerciantes que aportaban o seu capital mediante a compra de accións, se repartían os beneficios ou se responsabilizaban das perdas en función do diñeiro aportado. As Compañías gozaban de **monopolios** e privilexios concedidos polas distintas monarquías europeas, a cambio de parte dos beneficios, por suposto! Este monopolio podía ser sobre un produto ou sobre un área xeográfica, na que a Compañía tiña completa liberdade para organizar a explotación do territorio que tiña encomendado e incluso podía eliminar pola forza a quen se lle opoñía.



As rutas comerciais e o movemento de mercadorías entre Europa, África e América conformaron o chamado **“Comercio triangular”**, nel interviñan Compañías Comerciais das distintas metrópoles europeas.



OS CONFLITOS RELIXIOSOS DO S.XVI. O HUMANISMO

Nome:

Traballo 3ª Avaliación



Presentación:

- O traballo pode ser **individual** ou por **parellas**.
- Pode facerse a **ordenador** nun documento de word ou a modo de presentación.
- As actividades deberían ir acompañadas de **ilustracións** relacionadas coa materia.

E.- OS CONFLITOS RELIXIOSOS DO S.XVI

- 1.- Que **supuxo** a *Reforma Protestante*? **Cando** tivo lugar?
- 2.- Explica cales foron as **causas** da *Reforma Protestante*.
- 3.- **Quen** inicoiu a *Reforma*? **Onde, cando e por que** comezou?
- 4.- Cal era a **doutrina** que defendía **Lutero**?
- 5.- A **Reforma Calvinista**: **quen, onde, cando, doutrina...**
- 6.- A **Reforma Anglicana**: **quen, onde, cando, por que, doutrina...**



7.- Que foi a **Contrarreforma**?

8.- Explica cales foron os **instrumentos** utilizados pola **Contrarreforma**?

9.- **Actividade 3** da páxina 24.

10.- **Actividade 4** da páxina 25.



F.- O HUMANISMO

1.- Que foi o **Humanismo**? Cales son os seus **trazos** básicos?

2.- Como foi posible que as ideas humanistas se **difundiran** por Europa?

3.- **Actividade 2** da páxina 26.

4.- **Actividade 1** da páxina 26.

5.- Que é a **imprenta**? Que **permitiu**?
Describe os **pasos** que se seguían para imprimir un libro.

